REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS

IRIMIA

O maior de vós sexa o

ANO XXXI • Nº 837 - Do 29 de agosto ao 11 de setembro de 2011

XXIV ROMAXE DE CRENTES GALEGOS · QUE TEN O MAR DA AROUSA MEU BEN · 10 DE SETEMBRO DE 2011

A Romaxe máis mundial.



A foto que fala



Libia: a incerta esperanza.

O trasno Estereotipos

Daniel López

Contáronme, no século anterior, que o XXI ía ser o século dos virus; que a ciencia médica estaba asustada coa invasión que se nos viña enriba de microorganismos pouco coñecidos.

O que está claro é que o século este está a ser o dos estereotipos, que son virus que afectan á capacidade de discernimento. Son causa dunha abafante carencia de matices, de slogans reducionistas, de twiters minúsculos, de masas mobilizadas por frases e ideas simples, de medios que clasifican a realidade e nola venden en paquetiños dixeribles de cores ben definidas: branco, negro, vermello e azul. E clasifican mesmo o inclasificable, porque o inclasificable é inadmisible, todo quisque ten que ser parte dunha tribo, dun paquete e só dun.

Desculpade o retraso, pero houbo certos desenfoques no asunto dos "laicos" manifestándose contra os "crentes" nas martiriais e heroicas rúas da Madrid, escenario da suposta reconquista. Eses son os paquetes cerrados que nos presentan e cos que hai que comungar para non nos sentir bechos raros, rodeados de xente "normal". Pero ser laico e ser crente



non ten por que ser o que se dá por suposto que é. Por culpa do virus hai escaso xornalismo intelixente e moito do outro. E se resultase que a única maneira coherente de ser crente –no de Nazaré, quero dicir, non no superlíder que toque- fose ser laico? E se o xermolo da laicidade occidental- ou cando menos unha das súas máis importantes fontes de inspiración- fosen os ditos, os feitos, os xantares e os morreres de Xesús? E se dentro da contribución universal do fundador do cristianismo á cultura estivese precisamente unha crítica radical da relixión cando se institúe como poder e control, unha crítica que lle custou a vida?

O virus do estereotipo ataca a todos e todas, a todos os bandos e bandas. Organizar unha manifestación contra o ultrapapismo baseado no que lles custa aos contribuíntes organizar unha visita que xera retornos financeiros moito maiores resulta pouco sólido e facilmente rebatible. Xa postos, o realmente revolucionario sería rebelarse contra o monopolio por parte de calquera - incluído o actual Sanedrín - da herdanza cultural e espiritual de Xesús de Nazaré, patrimonio da humanidade, fundador dunha maneira de ser e crer laica, libre, comunitaria, radicalmente centrada no amor entre as persoas e na defensa do débil fronte a pontífices e emperadores.

imaxe portada obtida na wikipedia

Editorial A clave da fe: confesión ou seguimento?

A mobilización e o efecto nos medios de comunicación acadado pola Xornadas Mundiais da Xuventude son un grande éxito para os organizadores do encontro e, en particular, para o cardeal Rouco Varela.

É lamentable a perda de oportunidade para animar ao seguimento e á utopía liberadora

Por circunstancias diversas "que nunca estaría de máis revisar e refrescar- a dimensión crente e espiritual, a práctica relixiosa, a expresión normal da fe persoal, son aspectos que na "España post-franquista" teñen mala prensa. Esa minusvaloración social da expresión relixiosa e mesmo da reflexión teolóxica é un feito obxectivo, especialmente cando se pon en comparanza con outras sociedades. A socioloxía da "fe confesional" foise reducindo a grupos e sectores de xente maior, ou de persoas ideoloxicamente pechadas en grupos neoconfesionais, de marcado carácter conservador no relixioso, así como no social e político.

Nada do que pasa na relación entre relixión e sociedade nos territorios de España nos últimos trinta anos é alleo á experiencia anterior, o nacional catolicismo, que marcou a varias xeracións. Se ben o auditorio da JMJ non estaba formado na súa maioría por esas xeracións "feridas2 - nin era posiblemente español na súa maioría- non deixa de resultar unha anomalía que a fonte histórica de tanta sospeita e tanto malestar relixioso "o franquismo- fose unha vez máis absolutamente ignorada. Nin breve lembranza, nin sentido perdón, nin honesta autocrítica. Aínda máis, resulta paradoxal que, neste contexto, o Papa insista en que *os gobernantes que ignoran a Deus poidan acabar por intentar substituílo*. Si, será certo, segundo os contextos. A memoria colectiva común é aquí ben distinta: o exceso e o abuso, a instrumentalización

Continúa na páxina 7

Rumores de esperanza



Esta sección "compite" en dar boas novas co Peto de Santo Antón (xeralmente na páxina 7 desta revista). O amigo Rubén é un bo tipo e un bo cura que sempre conta cousas engaiolantes, e eu son un grande admirador da súa sección. Este cura estivo traballando pastoralmente nunhas parroquias no mesmo concello onde eu nacín á fe. Como non rompín de todo con este concello, eu seguía de lonxe as andanzas de Rubén e teño que recoñecer que todo o mundo fala ben del. Sen entusiasmos (para entusiasmos xa están certos grupos eclesiais en certos actos multitudinarios). Todos recoñecen a proximidade e o traballo deste cura atípico. Pode ser xente moi crente e pouco crente. Podería ser xente moi de dereitas ou moi de esquerdas, todos coincidían. Rubén chegou a unhas parroquias ben necesitadas dun pulo de esperanza e soubo implicarse e abrir a súa casa a todo o mundo.

Agora Rubén marcha (ai!, a obediencia) e deixa tras de si un bo sabor de boca. Marcha ao outro lado da diocese para repartir beizóns e Evanxeo a esgalla. Sei que para a boísima xente de San Tomé de Piñeiro e O Campo é unha mala nova, pero oxalá saiban darlle grazas a Deus por ter coñecido a un cura que marcou a súa parroquia e oxalá que nas novas parroquias o acollan con cariño. Se non é así, xa sabes, sacude o po das sandalias. Beizóns, Rubensiño.



1



3



2



4

A peneira

1

O pasado 17 de agosto celebrouse o Día da Galiza Mártir. Este ano cúmprense 75 anos do fusilamento de Alexandre BÓVEDA (1903-36) polos franquistas na Caeira. Con estas verbas acreditou o seu testemuño: "A miña morte servirá para acadar adeptos á causa galega". Foi guieiro do Estatuto na 2ª República e o propio Castelao recoñeceu o seu labor: "Bóveda terá que ser nun mañá próximo ou afastado a bandeira da nosa redención".

2

CABO VERDE, destino turistico, é exemplo de democracia. O partido da independencia de Pires gobernou só (1974-1991) e canalizou o país cara ao pluripartidismo, cedendo o poder nas primeiras eleccións. Unha das súas teimas é manter o crioulo, idioma propio, fronte á imposición do portugués dos colonizadores. Ademais, miman a diáspora. Na foto, as recentes eleccións en Burela.

3

As DUNAS de Corrubedo, formadas hai 15 000 anos, perigan no verán pola invasión humana: a duna móbil ten 1 quilómetro de lonxitude e 1,5 metros de altura. Son un espazo sobranceiro, xunto coas lagoas do Carrexal e Vixán, pois teñen unha flora (unhas 200 especies de faneróganas) e fauna (odonatos, etc.) únicas.


4

Poucos foguetes nas 7 000 FESTAS neste verán, o que pon en risco os 200 empregos e a existencia das 17 pirotécnicas que a iso se dedican. Nestas festas empregáronse 4 500 persoas, 300 orquestras e ata 500 agrupacións entre charangas e grupos folklóricos. O seu custo, 190 millóns de euros. O 40% dos concellos asinaron respectar o idioma e símbolos nas festas, pero non o fan. Na ilustración, "As catro maruxas", de Carlos Bóveda (1933-2004).

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

X.M.Carballo denunciou hai 30 anos a despoboación na obra de teatro *Vaise pechar unha casa máis*. No 2010 morreron 70 ALDEAS (xa hai 1 400 abandonadas). Teixeira de Ourense ten 13 maiores por cada menor de 15. Muras e Rodeiro perderon un 30% de poboación dende o 2000. As escolas están baleiras. A pirámide da poboación estase a inverter.(http://www.youtube.com/watch?v=g8BJ1sUHgF0)

6

Arabia Saudí vai construír o rañaceos máis alto: 1 000 m. O primeiro edificio de grande altura en Galicia foi o Banco Pastor da Coruña, construído entre 1922 e 1929. Outros edificios galegos de grande altura son as torres contaminantes das Pontes (356 m), Sabón e Meirama (200 m), e Repsol (140 m). A CATEDRAL cumpre 800 anos e foi, no seu tempo, a máis alta (74 m). Imos visitar o Pórtico virtual, en www.fundacionbarrie.org, en 3D.

7

A reforma da política pesqueira da UE pode destruír 60 000 empregos, o 40% da frota. Non podemos permitir que nos deturpen a nosa vocación pesqueira con imposicións de Madrid e Bruxelas. Mesmo están a anular o noso xeito de alimentarnos, conservado no noso acervo comunitario.

8

A Praia das CATEDRAIS segue a ser visitada en exceso, mesmo carecendo de bandeira azul, que premia máis os recantos urbanizados ca os monumentos naturais. Seguen a izala nas Rías Baixas, a pesar de sufrir os vertidos das poboacións, cando Ribadeo e Vegadeo teñen depuradoras eficientes, só Castropol ten deficiencias.

Ás furtadelas Libia: un difícil camiño por diante

Cada proceso de liberación é diferente, coas súas características especiais e contextos históricos e, ao mesmo tempo, cada liberación é semellante. Imponse a lei de ferro das expectativas pouco realistas, grandes esperanzas esvaecidas, unidades esfareladas e, en último termo, as banalidades do día a día que logo afogan a excitación do cambio súbito. Nun mes no que lembramos a Yeltsin subido ao seu tanque, e tamén as revolucións xa combatidas en Túnez e Exipto, non nos sorprende que a liberación libia se vexa con escepticismo. Pero, aínda que é certo que algunhas cousas irán mal en Libia, non é certo que todo teña que ir mal.

A volta á vida normal é, de feito, a esencia dunha liberación exitosa. As cousas non se farán perfectas. Pero poden -e poderán facerse mellor. Os problemas aos que se enfronta Libia son complexos, pero tamén conta con avantaxes significativas. O primeiro problema, polo menos en termos de tempo, é a unidade. O Consello de Transición Nacional, ata agora con maioría de membros procedentes do leste e da zona de Bengasi, debe equilibrarse aumentando a participación de poboación do oeste e dos Bereberes do sur. Do mesmo xeito, debe lograr achegarse á xente do núcleo duro da tribo de Muammar Gaddafi. (…)



Se a poboación libia estaba politicamente oprimida, no económico estaba completamente malcriada

Algúns dos mozos que loitaron no lado rebelde quererán a súa recompensa. Sentiranse tamén no dereito de optar aos postos de traballo e os beneficios que os seus opoñentes gozaban. Para o vencedor, a liña mestra debera ser "cantas menos desfeitas, mellor". A combinación dun gran número de homes novos cun alto sentido reivindicativo dos seus dereitos, cunha escasa disciplina e grandes cantidades de armas, é unha bomba de reloxería que necesita ser desactivada.

O segundo problema é a economía. O cambio e a normalización da vida económica, o funcionamento eficiente dos recursos, o petróleo nos surtidores e os bens nas tendas, todo isto importa.. A referencia de Gaddafi ao"ataque de aire acondicionado" da OTAN no día antes da caída de Trípoli pode parecer cómico, pero é realmente apropiada. As novas autoridades perden cartos rapidamente, a menos que poidan distribuír eses produtos. Para facer iso, necesitarán poñer en marcha de novo a industria petrolífera, reparar outras infraestruturas danadas e ter acceso aos activos libios conxelados polo mundo – algo que non é tan fácil como parece. A condición económica básica de Libia, con petróleo abundante, unha poboación de só 6.5 millóns de persoas e un envexable tesouro soberano, é moi favorable, especialmente comparada cos estados veciños de Exipto e Túnez.

A riqueza petrolífera de Libia creou unha sociedade desequilibrada na que a maioría do traballo duro é realizado por estranxeiros desde hai máis dunha xeración. Na agricultura, no petróleo e no turismo, a carga foi asumida por emigrantes exipcios, turcos, tunesinos, africanos e outros. Se a poboación libia estaba politicamente oprimida, no económico estaba completamente malcriada. E isto afecta notoriamente á clase economicamente dirixente, que, ou procedía de determinados clans privilexiados, ou era beneficiada por outro tipo de favoritismos. Polo tanto, Libia necesita unha reforma, tanto política como económica, porque este malos hábitos, se non se revisan, poderán minar calquera progreso político.

http://www.guardian.co.uk/commentisfree/2011/aug/22/libya-hard-road-ahead-editorial

Editorial A clave da fe: confesión ou seguimento?


Ven da páxina 3

enfermiza de Deus e a relixión, foron a mellor coartada para unha ditadura ignominiosa da que aínda se están desenterrando cadáveres. Iso non é "pecata minuta". Cómpre tempo, paciencia e actitude. Se non, o que se fai é convalidar o sucedido e implicitamente poñerse dun lado, do de sempre, do lado "amigo da Igrexa".

Unha das mozas asistentes ao evento, entrevistada na televisión, sincerábase exultante e daba na clave: "era necesario un *golpe de fe* coma este en España, despois de tantos anos...." Un golpe de fe, como quen dá un golpe na mesa, por non estender o símil a outros golpes posibles e menos recomendables.

Fe. Poucas palabras foron tan empregadas polos celebrantes e participantes. Está ben que se rompan tabús e que se fale da fe, que se "visualice" a fe. As mensaxes eran en principio contundentes: poñer a Cristo no centro da vida; amar a Igrexa; ser difusores da fe católica.

A sensación, non obstante, en canto se trata de profundar nos discursos, é que por baixo da expresión contundente de "somos católicos" e "esta es la juventud del Papa", o proxecto vital, o contido, os referentes para posicionarse na vida e na sociedade son dunha enorme pobreza. Ponse no cerne da identidade, do proxecto, a práctica dominical, a confesión frecuente, a vinculación sacramental, a adhesión á ortodoxia máis estreita. Vólvese a un esquema "preceptual". Cincuenta anos de reflexión e práctica cristiá renovadora son , por fin, "vencidos".



Resulta todo un signo que nada máis rematar o evento se produza o triste pasamento do teólogo galego Xulio Lois, impulsor, creador de boa teoloxía para comunidades cristiás renovadas, amigo e fonte de inspiración para Irimia. Un dos esforzos maiores de Lois foi o de dotar de contido un proxecto de fe en clave de "seguimento de Xesús", non tanto de "confesión de Xesús". Esta intuición profética precisamente desenvolve a idea de que a "aceptación" de preceptos de fe, a práctica relixiosa ritual, non é necesariamente o seguimento de Xesús que reclama o Evanxeo. A teoloxía pastoral de Xulio Lois desenvolve clarificadoramente estes aspectos e fai especial énfase na liberdade fronte ao poder e a lei opresora, na fe como vivir en enteira doazón gratuíta a favor do Reinado de Deus, causa e soño de Xesús.

Na teoloxía das Xornadas houbo unha escandalosa falta de utopía. Xesús non se predica a si mesmo, nin a unha Igrexa á que dificilmente concibiría como o que despois foi. Xesús vive e fala dunha experiencia radicalmente nova de Deus e, sobre todo, dun horizonte novo e distinto que chama o Reinado dese Deus. Xesús promove e fala da salvación e liberación da humanidade e especialmente dos pobres e oprimidos.

Evidentemente o evento non sería o espazo para dar fórmulas concretas de compromiso dos mozos e mozas. Pero é precisamente lamentable esa perda de oportunidade para animar ao seguimento e á utopía liberadora, para dar criterios sobre os grandes vectores do avance do reinado de xustiza, igualdade e solidariedade, avances que, ou teñen que ver coa confesión de Cristo, ou fan esa confesión insignificante. Como obviar a crise económica producida por un sistema desenfreado de cobiza dos máis ricos que empobrece aos máis pobres? Como non denunciar o crecemento ilimitado que destrúe a terra? Como pasar por alto os sistemas de intercambio que limitan as posibilidades de crecemento do Sur? Como non pronunciar a palabra "corrupción"? Como obviar unha vez máis a igualdade radical, política, social e tamén relixiosa da muller e do home?

Definitivamente o Papa Ratzinguer actuou con prudencia vaticana. É unha mágoa que non desenvolvese unha das súa mellores proclamacións: a chamada a non deixarse atrapar polo "ter", polo "poder", polo "pracer". Pero é comprensible non afondar moito nestas cousas cando en primeira fila están Botín, Aznar, Rato e a casa real. Dum inter homines sumus, colamus humanitatem. Entanto esteamos entre humanos, sexamos humanos.

XXXIV Romaxe De Crentes Galegos

Que ten o mar de Arousa, meu ben?
Monte Xiabre, 10 de setembro de 2011

Convocados polo lema "Que ten o mar de Arousa, meu ben?" do poeta grovense Lueiro Rey achegarémonos a Fontefría no Monte Xiabre o sábado 10 de setembro para celebrarmos a XXXIV Romaxe de crentes galegos.

As nosas romaxes fannos mirar con gratitude e nostalxia para o pasado. Por iso queremos re-cordar, é dicir, volver pasar polo corazón a historia das xentes da comarca de Arousa: os seus gozos, as súas loitas, as súas angueiras, as súas conquistas e os seus fracasos. Rosalía, Cabanillas, Castelao axudarannos neste regreso ao pasado para tirar del leccións para o presente e o futuro.

as nosas romaxes fannos mirar con gratitude e nostalxia para o pasado

Nas nosas romaxes celebramos tamén a nosa fe cristiá, o noso desexo de pasar de ser admiradores e admiradoras do nazareno a sermos os seus seguidores e seguidoras hoxe e aquí.

Estando en terra de viños queremos, pois, brindar sentindo "a presenza de Xesús no medio de nós, o de Nazaré, o de Arousa, o de todas as terras poque el mesmo o día antes de que o matasen froito da inxustiza quixo facer festa coas súas amigas e amigos para que a pesares das canseiras e desánimos experimentasen a súa presenza como sangue vivificador e cheo de forza e de vida".

Queremos brindar con Xesús e con toda a familia irimega e "en cada grolo de viño percibir que hai moita suor e moito traballo. Que a Terra só dá froito coa loita. Brindemos con todas as xentes que se erguen para dignificar a nosa lingua, os nosos costumes, a nosa fe comunitaria e chea de liberdade. Brindemos coas agrupacións, colectivos e asociacións que loitan pola dignidade das persoas e enchen de esperanza o noso mundo en constante crise e en constante loita.





Amiga irimega, amigo irimego: as xentes das parroquias de Sobradelo, de Trabanca, as xentes da agrupación cultural Nós, as xentes de Cáritas Interparroquial de Arousa convídante a facerte presente na XXXIV Romaxe para celebrarmos xuntos a nosa fe e a nosa galeguidade. Anímate, pois, a cruzar a ría e a cantar coa Quenlla e con todas e todos nós:

TEÑO UN AMOR EN RIANXO E OUTRO EN VILAGARCÍA,
PARA VIR A ESTA ROMAXE, TIVEN QUE CRUZAR A RÍA,
TIVEN QUE CRUZA-LA RÍA, TIVEN QUE CRUZAR A RÍA,
TEÑO UN AMOR EN RIANXO E OUTRO EN VILAGARCÍA.

-NON LLE TEMAS, MARIÑEIRO, Ó VENTIÑO DO MAR,
QUE O VENTO MAREIRO DÁ MELLOR NAVEGAR.

-SE NAVEGAS POLA RÍA DE RIANXO VERÁS
AS ESTRELAS E A LÚA DARLLE BICOS Ó MAR.

-SE NAVEGAS NA ROMAXE DE IRIMIA FARÁS
QUE A NOSA GALIZA LOITE POR ESPERTAR.

brindemos cos colectivos que
enchen de esperanza o noso mundo

Para saber: andar ou ler

Clodio González Pérez

Consellos e visitas para rematar o verán (II)

Na primeira parte deste artigo aconsellamos a visita dunha xornada á central hidroeléctrica do Tambre e contorna (Noia), e outra, para repartir en varios días, ao territorio portugués que pertenceu, ata o Cisma de Occidente, ao bispado de Tui.

Esta segunda ímoslla dedicar a dous temas totalmente distintos: ás grandes ferrerías que beneficiaban o noso mineral de ferro ata finais do século XIX, e á enigmática construción de Santa Baia de Bóveda, ambas as dúas na provincia de Lugo. A primeira de varias xornadas, e a segunda dun día bo, tendo en conta que a pouco de Bóveda está a cidade de Lugo.

As grandes ferrerías-fundicións

Agás a de San Vicente de Leire (Valdeorras), todas as demais estaban na provincia de Lugo, non lonxe das grandes veneiras ou filóns de Formigueiros (O Courel), explotado a ceo aberto, e Roques (A Pobra do Brollón), por medio de pequenas minas situadas por debaixo das propias casas da aldea.



A veneira de Formigueiros (O Courel)

Polo de agora, os primeiros vestixios de ferro descubertos na nosa Terra non van máis alá da segunda metade do século VII a.C., e, quizais, procedan do sur da Península, é dicir, que se trata de metal importado. Nalgúns castros hai restos de fundición e, sobre todo, nos romanizados, onde destinaban o ferro á fabricación de armas, ferramentas e, por último, a trebellos de cociña no lugar dos de barro e madeira.

Algunhas explotacións mantivéronse toda a Idade Media, como testemuñan estes dous documentos: o ano 959 o rei Sancho I doa ao mosteiro de Celanova e ao seu abade san Rosendo unha cova no territorio de Lemos, *unde ferrum eiciunt*; e, pouco despois, no 966, o bispo iriense-compostelán Sisnado II concédelle ao de Sobrado, entre outros bens, a metade dun filón situado no val do río Ladra, *illo uenario de Parriga medio.*



"Banzado" da ferrería de Bogo (A Pontenova)

A minería de ferro, sobre todo en Galicia, sempre estivo moi relacionada coa Igrexa. Deuse o caso de que Samos chegou a ser unha das principais empresas siderúrxicas da Península, con seis grandes ferrerías aínda en pleno funcionamento no século XIX: Gundriz - Samos, Leire – Valdeorras (dicíase que era a mellor de España), Pallares - Guntín, Rodela - Quiroga, Rugando – Quiroga, e Santalla – Samos. Por exemplo, no cuadrienio 1781-1785 os monxes obtiveron de beneficio 309 403 reais pola venda de ferro, que viña a ser a partida máis grande que recibía o cenobio, superando o do centeo en concepto de foros e rendas e a procedente dos oito priorados.



Mazo da ferrería de Penacova (Bóveda)

Ademais das de propiedade monástica, tamén había outras de nobres e fidalgos: Sargadelos –fundada por Antonio Raimundo Ibáñez en 1791-, Penacova (Bóveda), Fonquente (Cervantes), Ferreirós, Folgoso, Hórreos, Lousadela, Seoane, Valdomir, Vilasivil (as sete no Courel), Vilar da Cuíña (Fonsagrada), O Incio, Rao (Navia de Suarna), Bois (As Nogais), Bravos (Ourol), Biduedo, Barxa de Lor, Loureiro (as tres na Pobra do Brollón), Bogo (A Pontenova), Gonzar (Portomarín), A Gorgueira, Paleiras, A Quintá, Soldón, Vilarbacú (as cin-

co en Quiroga), Vilaseca (Riotorto), Carqueixeda, O Rial (as dúas en Samos), Pesqueiras (Valadouro), etc.

Coa desamortización e exclaustración relixiosas pasaron a poder de particulares, que continuaron coa explotación ata que non foron capaces de competir co metal procedente do exterior, ao mellorar as comunicacións co ferrocarril e os barcos de vapor, nas últimas décadas do século XIX.

Galicia e, en particular, a provincia de Lugo, puido ser, se non o primeiro, si un dos máis importantes centros siderúrxicos da península, pero, agás a ferrería de Sargadelos, as demais non introduciron ningunha innovación moderna, reducindo o mineral como se viña facendo dende sempre, é dicir, con carbón de leña, que levou non só a acabar coas centenarias carballeiras, senón tamén ao peche destes por falta de combustible.

Nas últimas décadas foron restauradas tres: Penacova, Bogo e Seoane do Courel. Malia que calquera pode funcionar, a que case seguro que o fai é a primeira, preto de Monforte de Lemos e a curta distancia da vila de Bóveda (convén preguntar neste concello). As outras son as máis monumentais de Galicia e, quizais, de toda a Península, pero están pechadas. Por fóra pódense ver as dúas, e para acceder ao interior, na de Bogo cómpre falar antes co concello da Pontenova; na de Seoane ou da Ponte, situada no Courel, unicamente cómpre convencer o propietario.

As tres están en lugares de gran beleza paisaxística, e a elas chegan os coches ata os mesmos edificios (na de Bogo, só pequenos).

Información: non está ben citarse a un mesmo, pero polo de agora o único libro que hai sobre o tema coido que é meu: *A produción tradicional do ferro en Galicia. As grandes ferrerías da provincia de Lugo* (Deputación de Lugo, 1994, reimp. 2000). Por se alguén precisa dunha axudiña: clodio@edu.xunta.es

Santa Baia de Bóveda

Tal é a rareza desta construción que ata se ten dito que pode ser a tumba de Prisciliano. Non hai perda para chegar, con tal de preguntar en Lugo pola parroquia de Bóveda e logo pola igrexa.

O edificio foi descuberto en 1926. Chaman a atención, sobre todo, as extraordinarias pinturas que adornan o teito. Suponse que date do século IV, pero non se sabe se orixinariamente foi un ninfeo, lugar de curación por medio da auga (no medio hai unha piscina), santuario relacionado co culto a Isis e Serapis, etc., e, por último, templo cristián.



Bóveda (exterior)

Todo é enigmático nesta construción subterránea de pequenas dimensións, á que se accede por unha porta de arco de ferradura feito de ladrillo, que debeu estar revestido de mármore. As pinturas murais romanas que adornan o bóveda, afundida agora na parte central, son de extrema rareza, e máis tendo en conta o noso clima húmido e o lugar onde está soterrado o monumento. Pintadas sobre estuco e utilizando principalmente as cores vermella, verde, azul e negra, o artista plasmou con extraordinaria perfección unha boa parte da fauna avícola doméstica: galos con crista vermella e vistosas plumas, galiñas, elegantes faisáns, pavos reais, pombas, perdices... Sós ou en parellas, peteirando no chan ou en acios de uvas, quizais das cepas que daquela habería nos arredores máis agarimados de Lucus Augusti.



Bóveda (interior)

Sen posible comparanza polo de agora, o santuario de Bóveda é único, non xa en Galicia, senón que, para procurar obras semellantes cumpriría ir ata o Mediterráneo Oriental.

Non obstante estas últimas teñen carácter funerario mentres que a nosa, se o foi, ata hoxe en día non se descubriu nada que o testemuñe.

A xornada, pode rematar ou empezar, segundo convenña, facendo unha detida visita á cidade de Lugo: a muralla, as termas romanas, a catedral, o museo, etc.

Información: existen varias publicacións para aqueles que desexen afondar no tema, pero para os visitantes abonda cos folletos que dan no centro de recepción e no museo, a poucos metros do edificio.

Invisibles

Teresa Souto



O Caso De Antía, Unha Muller Cunha Discapacidade Intelectual

Hoxe celebro o meu aniversario, 25 preciosos anos. *Quen os pillara!,* non para de repetir miña avoa. Non sei por que os quere pillar, pois non escapan, quedan contigo para sempre, só que a cada ano lle sumas un. A semana pasada tiven un pequeno desgusto, non conseguín un traballo, estiven de prácticas nun centro comercial, e facía o meu traballo moi ben, pero esta vez non me tocou a min. O bo é que volvín ó centro ocupacional cos meus compañeiros, que xa me botaban en falta.

Eu non quero ser invisible, quero ser tan visible coma vós.

Ás veces soño con ter un traballo, un soldo, un mozo (só se é como Deus manda, di miña avoa), ser nai, viaxar en avión, ser algo moi importante que se chama "ser independente". Sei de xente coma min, que é iso, independente. Un día no centro ensináronnos un vídeo e unha nota de prensa de varios mozos e mozas que viven sós, en parella ou con amigos, que traballan, divírtense, saen a cear xuntos e que, coma min, teñen unha discapacidade intelectual.

Ese día pregunteille eu á monitora:

–E por que non saen na tele? E seguín. E por que non saímos na radio? E continuei. E por que non somos protagonistas de novelas e de contos? E por que non facemos películas de cine? E por que non facemos anuncios de roupa, de calzado, de cosmética?

A miña monitora explicoume que ás veces a sociedade invisibiliza as persoas máis especiais, e entre esas persoas especiais estou eu, Antía de 25 preciosos anos. Por iso, porque somos tan especiais, non nos miran, non se dan conta de que estamos, vivimos, vemos a tele, mercamos, saímos cos amigos, namorámonos, botamos crema hidratante, pensamos e por iso non reparan nas moitísimas capacidades que posuímos. O mundo ás veces parece andar ó revés; eu pregúntome se esa sociedade (que é a xente, pero con outro nome) non terá algunha miopía e terá que mercar unhas gafas coma as miñas, sen elas non vexo ó lonxe, só vexo as cousas que teño diante. Outros días nos que me sinto máis rabuda pregúntome se non será a sociedade a que ten unha discapacidade, ou varias. Eu xa lle dixen á miña monitora que non quero ser invisible, que eu quero facerme notar, que quero ser tan visible coma ela ou coma vós.

In memoriam San Xulio Lois

Victorino Pérez Prieto



Xulio Lois e Vitorino Pérez no curso de verán de 2008 na Coruña

Morreu Xulio Lois (Pontevedra 23/I/1935-A Coruña 22/VIII/2011), irmán, colega nas tarefas teolóxicas, amigo de Irimia. Nin a oficialidade eclesiástica nin as masas que enchen a praza de San Pedro do Vaticano van pedir que se lle declare santo, nin erguer a pancarta de "santo subito", como fixeron de contado con algún outro membro egrexio da Igrexa; pero moitos así o consideramos xa. Un cristián verdadeiramente santo e un home verdadeiramente egrexio, por calidade humana e talla intelectual; outro santo que está nos ceos e nos segue acompañando nas alegrías e nas penas da terra.

Así o pensamos e proclamamos amigos que o tratamos de preto desde hai anos ou máis recentemente; veciños das súa parroquia e do barrio de Vallecas que compartiron fe, loitas e vida diaria con el; alumnos do Instituto de Pastoral de Madrid onde deu clases máis de trinta anos, colegas da Asociación de Teólogos Juan XXIII da que foi membro e chegou a presidir, homes e mulleres de tantos grupos cristiáns e non cristiáns cos que compartiu o seu saber e a súa vida, sempre tan entregada que non tiña case tempo para si. San Xulio para cristiáns e non cristiáns, xente con crenzas relixiosas e agnósticos confesos. Entre as cousas que vin que se escribiron de contado sobre el, o que más me chamou a atención foron unhas palabras do común amigo Xose Fortes, compañeiro seu de bacharelato en Pontevedra; desde o seu agnosticismo confeso el falaba tamén de "San Julio", como expresión viva da solidariedade humana, a tolerancia, o optimismo existencial e unha "libérrima visión do relixioso", exemplo incómodo de fe evanxélica insubornable.

Sen *Nihil obstat*

Xulio, como escribiu outro amigo común, Xabier Pikaza -nunha ocorrente e xusta expresión- é "a arte de ir ao ceo sen Nihil obstat". A xerarquía eclesiástica española non lle deu nunca esta venia para poder ensinar teoloxía como profesor titular nun centro da Igrexa -aínda que nunca o condenou como herexe-, por iso non "pasou" de "encargado" de cátedra, a pesar de contar co apoio incondicional dos seus colegas; pero seguramente San Pedro non lle pida este certificado. A razón do "obstat" xerárquico non era outra que non entender, ou non aceptar, a súa teoloxía aberta a todos e, sobre todo, o su compromiso coa xente do seu pobo de Vallecas e con toda a Igrexa de base, que en tempos chamabamos "Igrexa popular". Xulio deulle todo a Igrexa, como comunidade continuadora da causa de Xesús, pero os altos responsables desta non lle deron… nin as grazas; quizais o fagan despois de morto.

Xulio era –é- un santo, un home bo, no bo sentido da palabra "bo", como dicía Antonio Machado, e un cristiá de Igrexa; pero tamén un disidente dos aspectos menos evanxélicos desta, cousas que expresaba pacificamente, pero tamén libre e radicalmente. Un magnifico libro homenaxe expresa a súa realidade intelectual e humana: *Seguimiento de Jesús y teología. Homenaje a Julio Lois Fernández* (Verbo Divino, 2006). Unha realidade expresada no seu pensamento en numerosas conferencias, charlas populares e escritos.

Para Lois a xustiza e a solidariedade son o lugar teolóxico indispensable do Deus que confesa a fe cristiá

Un Deus solidario

A última conferencia entre nós, pouco antes de empezar o seu calvario do cancro, foi nun curso de verán da Universidad Internacional Menéndez Pelayo que organicei no 2008 na Coruña; era sobre diálogo islamocristián. O coñecido pensador musulmán crítico Tariq Ramadán fíxoo desde o Islam, e Xulio falou de "Xustiza e solidariedade" desde a perspectiva da fe cristiá como "lugar teolóxico indispensable", do Deus que confesa a fe cristiá como un Deus solidario, da conversión cristiá como esixencia dunha forma de vivir informada pola solidariedade, esixencia difícil pero posible, razoable e necesaria… e mesmo dun "ecumenismo solidario forxado arredor da autoridade da humanidade sufrinte".

(segue na páxina seguinte)

In memoriam San Xulio Lois

Victorino Pérez Prieto

Xulio estaba convencido de que só se pode pensar verdadeiramente a Deus desde a solidariedade activa coa causa dos pobres; un pensamento que el viviu consecuentemente na súa vida, desde a docencia teolóxica á pastoral parroquial e o traballo primeiro con grupos especializados de Acción Católica (JOC, HOAC), e logo con comunidades de base de América Latina e España. Expresouno, como un dos primeiros sistematizadores da Teoloxía da Liberación: *Teología de la liberación: opción por los pobres*, Madrid 1986; *Identidad cristiana y compromiso socio-político*, Madrid 1989; *Los movimientos cristianos de base en España: revisión crítica y perspectivas de futuro*, Madrid 1991; *La opción por los pobres*, Madrid 1991; *Jesús de Nazaret, el Cristo liberador*, Madrid 1995; *Los pobres: un desafío para la Vida Religiosa*, Vitoria 1997; *La experiencia del resucitado en los primeros testigos y en nosotros hoy*, Vitoria 2002; *El Dios de los pobres*, Salamanca 2007.

Dicía no prólogo do primeiro dos libros citados: "É unha das miñas convicciónS máis vellas, profundas e queridas que non falar do pobre nun mundo coma o noso vicia todo o discurso sobre Deus e despóxao de auténtica credibilidade". A súa cristoloxía tiña como obxecto "desentrañar a significación liberadora" de Xesús de Nazaret, na mellor liña de Jon Sobrino.

A Asociación de Teólogos Juan XXIII deu a coñecer un texto onde falaba, entre outras destas opcións de Xulio: Fe no Deus dos pobres; seguimento de Xesús, o Cristo liberador; vivencia relixiosa animada polo Espírito de liberdade; loita por facer realidade os valores do Reino de Deus na historia; vida austera e sentido da responsabilidade; compromiso cos pobres, marxinados, excluídos e cos sectores más vulnerables da sociedade; experiencia comunitaria da fe; serenidade ante a dor; liberdade de palabra falada e escrita.

IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envíao ó Apartado 296 - 15705-Santiago de Compostela, ou escríbenos a irimia@wanadoo.es ou subscricions@asociacion-irimia.org

NOME: . . . . . APELIDOS: . . . . .
ENDEREZO: . . . . .
CÓD. POSTAL: . . . . . CONCELLO OU CIDADE: . . . . . PROVINCIA: . . . . .
TELÉFONO . . . . . CORREO ELECTRÓNICO . . . . .

QUERO SER SOCIA/-O: 3 € ❑
QUERO SUBSCRIBIRME: Ordinaria: 24 € ❑
De apoio: 36 € ❑ Subscrición anual (22 números)
QUERO SER 60x100: **60 € ❑**

DOMICILIACIÓN
BANCO OU CAIXA E AFORROS: . . . . .
DOMICILIO DO BANCO: . . . . . CÓD. POSTAL: . . . . .
CONCELLO OU CIDADE: . . . . . PROVINCIA: . . . . . TITULAR DA CONTA: . . . . .
Nº de CONTA: _ _ _ _ /_ _ _ _ /_ _ /_ _ _ _ _ _ _ _ _ _

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En .... a ..... de ..... de 201__.
Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.
Conta: NOVACAIXAGALICIA: 2080-0349-85-3040005822



DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

EDITA: Asociación A. IRIMIA **FEITO EN PAPEL RECICLADO**
MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.
COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.
CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.
RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org
SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253 / subscricions@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros.
PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia .org
CONTA: NOVACAIXAGALICIA, CC/2080-0349-85-3040005822- Urbana, nº 8 - Santiago
DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa, Riveiro, Martínez
ISSN: 2172-9182 **IMPRIME:** Artes Gráficas LITONOR S.A.L. **DISTRIBÚE:** IMPACTA
EDICIÓN ELECTRÓNICA: http://asociacion-irimia .org/revista.xhtml

Boa Nova



A PALABRA

DOMINGO 12 DE XUÑO.
FESTA DA PENTECOSTE
Mt 18, 21-35

Naquel tempo, Pedro, achegándose a Xesús, preguntoulle: "Señor, cantas veces terei que perdoar a meu irmán se me segue a ofender? Até sete veces?". Respondeulle Xesús: "Non che digo até sete veces, senón até setenta e sete. Por iso o Reino de Deus é semellante a un rei que quixo facer as contas cos seus servidores. Cando empezaba, presentóuselle un que lle debía varios millóns. E como non tiña con que pagar, o señor ordenou que o vendesen a el con muller, fillos e canto tiña, para que así lle pagase. O servidor botóuselle aos pés e suplicáballe (...) O señor tivo dó daquel home e deixouno marchar, perdoándolle toda a súa débeda. Pero, ao saír, o servidor aquel atopouse cun compañeiro que lle debía unha insignificancia e, agarrándoo pola gorxa, esganábao dicíndolle: Paga o que me debes. Botándose aos seus pés, o compañeiro suplicáballe: ten paciencia comigo, que cho hei pagar todo. Mais non lle fixo caso e, aínda para máis, mandouno meter na cadea até que lle pagase a débeda (...)".

A CLAVE

Cantas veces debemos perdoar a un irmán? Esta pregunta de Pedro a Xesús, que aparece dentro do capítulo 18 deste evanxeo, enmárcase dentro dunha serie de orientacións de como teñen que ser as actitudes dos seguidores de Xesús na súa vida comunitaria. Semella que Mateo está moi interesado en presentar as actitudes e o fundamento do comportamento dos discípulos das primeiras comunidades cristiás. Deste xeito, abría o mesmo capítulo con outra pregunta que ,entre os membros das comunidades cristiás do século I xa debía causar moitos problemas: Quen é o máis importante no Reino dos Ceos? (ou, como podía ser entendido, nas súas comunidades). No texto que se le este domingo, Mateo céntrase sobre a a importancia do perdón. Mais non presenta o perdón a xeito de manual de autoaxuda para comunidades, como un método de resolución de conflitos comunitarios, senón que o inscribe nunha das parábola do Reino que Xesús contou: "o Reino dos Ceos é semellante a...". E a partir deste momento, cunha desas historias que para as/os ouvintes non necesitaban ningunha explicación posterior, situaba o perdón como un dos fundamentos do Reino. As/os discípulos, se realmente querían seguir a Xesús e ser partícipes da construción do Reino de Deus, tiñan que facelo dende unha actitude básica de perdón. Só ao sentir plena e inmerecidamente perdoados por Deus, só ao sentir a Súa misericordia, só así poderían eles facer o mesmo cos seus irmáns.

Canto hai que perdoar? Non é unha cuestión de números, é unha actitude ante a vida. Quen é capaz de perdoar 490 veces sabe que o perdón é o único xeito de facerse partícipe da misericordia sen límite de Deus. E para que non quedasen dúbidas, Xesús presenta unha parábola cunha desas imaxes esaxeradas que fican dentro de nós: mentres o rei é capaz de perdoar totalmente, sen que llo pidan, unha cantidade esaxeradamente grande, a persoa perdoada non é capaz de facer o mesmo cunha débeda insignificante. A misericordia de Deus non ten límites, mais a hipocresía de quen sabéndose perdoado, insiste en esixir e explotar a seu irmán, malia que encha o seu discurso de perdón, esta si que merece verse obrigada a pagar toda a súa débeda.

Temos que buscar o perdón. Só o atoparemos nese camiño de busca de Deus que é o que vai permitir que nos atopemos a nós mesmos. E dende ese descubrimento é dende onde verdadeiramente poderemos vivir perdoando de todo corazón.

José A. Martínez

Falando da lingua E volta a empezar

Lidia e Valentina

Moi boas, irimegos e irimegas! Aquí estamos de volta unha tempada máis! E non puidemos despedirnos de vós no último –que non derradeiro!- número! O final chegounos así tan de súpeto que non nos deu tempo nin a un ¡ai!, e ben sabiamos que ía ser, pero pasounos coma ó do conto da morte, que estivo avisa que avisa nel toda a vida e despois disque morreu de repente.

E haberá por aí algún despistado ou despistada que non recorde a diferenza entre *último* e *derradeiro*? *Último* é cando se espera que veñan máis despois, máis tarde, noutro memento, o último dunha serie, en resumo. E *derradeiro* é o último de todo, cando xa non se conta que veñan máis. Queira Deus que os nosos últimos non sexan derradeiros (ou si… ?)

E como vos foi o verán?, un verán un tanto outonal, non, un verán tipicamente galego. O que non foi galega foi ese *prima vera* que pasamos! Que calor abafante! Onde se viron tales temperaturas en abril-maio-xuño?, onde vai aquilo de "en abril augas mil" e "ata o corenta de maio non quites o saio?, ou é que estes novos tempos, esta crise, están a poñer en tea de xuízo o refraneiro? E tedes a colleita feita para o inverno, ou fixestes coma o escaravello?

-Miña comadre formiga, veño que me prestes pan!

-Meu compadre escaravello, que fixeches polo verán?

Pois nós andamos polo país veciño e fixemos alí a nosa colleita lingüística, presenciamos un caso que nos deixou abraiadas!Estabamos a tomar un pingo nunha terraciña de Ponte de Lima e na mesa contigua estaban sentadas unha moza, os seus dous fillos, un neno duns seis anos e unha nena duns dous, e mais a avoa das criaturas. O interesante do asunto está en que a moza falaba coa súa nai en portugués e coas crianzas en castelán! "Xustificou " a situación o neno, que lle preguntou á nai, en perfecto castelán, se *cuando estuviesen en Tenerife lo podría comprar.* E alí chegou o tío João cuns parentes, e ai como se colgaron no tío João os picariños, e tamén como *castelaneaba* o tal! O mellor do caso é que a nai consideraba que o neno si, pero a nena NON entendía os avós, que só falaban portugués! E non era porque fose máis pequena e aínda non o aprendese, évos cuestión de xenética, seica… Haivos para todos! O que estea limpo, que tire a primeira pedra, xa o dicía Xesucrito…


Vémonos na Romaxe!



O Fachineiro da lingua

Cesc Fàbregas, conselleiro de cultura

Agora que negras tormentas axitan os aires e nubes escuras nos impiden ver -aí queda iso, que se note o optimismo do fachineiro na apertura de tempora-da- observamos que todo discorre por onde o deixamos e que os galegos e galegas, firmes seguidores de Parménides, sempre nos bañamos no mesmo río. Entre nós, o perfil esixido para levar a área de cultura ou educación debe incluír de serie o cosmopaletismo e autoodio. Lembremos o epifonema de Roberto Varela, á súa chegada dos States: "La cultura gallega está bien, pero limita". Ou a do seu compañeiro de educación, Jesús Vázquez: "O galego pode ser un muro para o futuro".Agora,



Cesc Fàbregas

a señora concelleira do ramo na Coruña converteu en trending topic as súas "cosas demasiado gallegas" porque, claro, hai que programar flamenco fusión "para la gente que viene de fuera", porque, evidentemene, esa xente vén a Galicia a ver cousas de fóra de Galicia. Cando alguén escriba a historia dos nosos complexos un volume debe titulalo "para la gente que viene de fuera".Eu buscáballe o outro día as sete diferenzas a Cesc Fàbregas con Roberto Varela, porque o xogador, acabado de baixar do avión e dos seus sete anos londinienses dirixíase á afección e aos medios en catalán con absoluta normalidade. Quen mo dera de conselleiro!

A.Q.